



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 08 DE NOVEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00049529E.

Aprobación de Actas de sesións anteriores.

Apróbansen as Actas correspondentes ás seguintes sesión:

- Ordinaria de data 4 de outubro de 2021.
- Extraordinaria e urxente do día 8 de outubro de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00002929T.

Licenza de obra maior.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 12/08/2021 , outorgada ante Notario co número de protocolo dous mil trescentos trinta e sete. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar de Silvouta, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 132.350,00 €-

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00010075J.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico modificado e de execución de data de visado do 15.07.202, a demolición e execución de vivenda unifamiliar na Rúa Vázquez de Parga, Santiago de Compostela (A Coruña) , cun orzamento de execución material de 129.777,59 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00002303T.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado presentado 30/11/2020 e a documentación presentada o 12/07/2021 e o 08/10/2021 presentado o 30/11/2021 cun orzamento de execución material de 219.300,00 €. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa Ameneiral do Viso, Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00022550E.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 14/05/2021 e a documentación presentada o 12/08/2021, a construción de vivenda unifamiliar na finca sita en Vilariño de Nemenzo Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 152.354,03 €.

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2020/00002534R.

Concesión de licenza de obra nova para construción d enave industrial na Rúa da Comunidade Valenciana, 19.

Acórdase conceder a TRANSPORTES CALVO VILAR S.L, licenza de OBRA NOVA para construción de edificación industrial destinada a resguardo de camiáns de bombeos na RÚA DA COMUNIDADE VALENCIANA, 19 do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución co visado do COETICOR de data 17/11/2020 e anexo de data 08/06/2021, cun orzamento de execución material de 247.061,23 €, baixo a dirección de obra do proxectista. As actuacións consistirán na construción dunha nave industrial de dous plantas para depósito de vehículos e almacenaxe de pezas de recambio e materiais de construción cunha superficie construída total de 1.465,46 m² (superficie útil de 1.393,33 m²), ocupación en planta de 1.241,23 m² e altura máxima de 10 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2. *Edificación adosada en esquina, Variante 2.B do Proxecto sectorial da Sionlla.*

7. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: VARIOS.

Designación de representante municipal nas Xuntas de Compensación e demais Entidades urbanísticas colaboradoras.

Acórdase DESIGNAR como REPRESENTANTE MUNICIPAL NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN E DEMAIS ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS que actúan baixo a tutela do Concello de Santiago á concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, dona MERCEDES ROSÓN FERREIRO.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00048333E.

Traspaso da caseta da praza de abastos número NA345.

Acórdase:

1. Autorizar o traspaso da caseta da praza de abastos número NA345. O prezo do traspaso é de 6010,12 euros e a empresa xestora percibirá a cantidade de 3.005,06 euros. A caseta dedicarase á venda de froitas e verduras, semillas, abonos, froes e plantas.

2. A nova persoa adxudataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00049164W.

Ratificación da cesión da praza número 81 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela.

Acórdase ratificar a cesión da praza número 81 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041048M.

Ratificación da cesión da praza número 115 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela.

Acórdase ratificar a cesión, que fora autorizada por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de setembro de 2021, da praza número 115 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00026284F.

Aprobación do expediente denominado Medidas correctoras para o estadio de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías (fase III) - separata nº 1: Reparación urxente torres de iluminación e a apertura do procedemento de adxudicación

Apróbase o expediente denominado *Medidas correctoras para o estadio de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías (fase III) - separata nº 1: Reparación urxente torres de iluminación* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **140.323,99 euros**, IVE incluído (115.970,24 euros + IVE 21% que ascende a 24.353,75 euros).

O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 090 93302 6320000 / 2021 2 INDEP 38 1.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/122.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Neumáticos Pájaro, S.L., en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao período que abrangue do 15 de maio ao 15 de xuño do ano 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVECIENTOS SESENTA E CINCO EUROS SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (965,64 €), segundo relación contable de facturas S/2021/122 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/2879 por importe de 372,33 €, e remata pola número F/2021/2880 por importe de 593,31 €, emitidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/165.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a diferentes períodos entre marzo e agosto do ano 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (3.775,48 €), segundo relación contable de facturas S/2021/165 que comeza pola número F/2021/3268 por importe de 44,43 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU), e remata pola número F/2021/4338 por importe de 343,89 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/166.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Sistemas de Seguridade A-1, S.L. en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de xaneiro a agosto do ano 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CENTO VINTE E OITO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.128,85 €), segundo relación contable de facturas S/2021/166 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/3118 por importe de 1.011,66 euros e remata pola número F/2021/4064 por importe de 102,25 euros, expedidas pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L..

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2021/2741.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Recambios Santiagueses, S.L. para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes aos mes de maio de 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CENTO DEZAOITO EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.118,62 €) segundo factura número F/2021/2741, que se achega no expediente e emitida pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00038665Z.

Dar conta da sinatura do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar a realización das accións “III Feira de Emprendedoras” e “Xestión do Comité Socioeconómico” de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021, por un importe de 40.000 euros.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00044988N.

Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Mercado de Abastos de Santiago SCG.

Apróbase o Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Mercado de Abastos de Santiago, S.C.G., conforme ao artigo 22.2º da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e aprobación do gasto por importe de **10.000 euros** con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001.

18. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Facturas 2021/4554, 2021/4555, 2021/4556 e 2021/4557 Ethical Services for Animals, S.L.. Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L. por importe de 17.090,10 euros, en concepto do servizo de lacería correspondente ao período entre o 1 de xullo e 31 de agosto de 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de lacería correspondente aos meses de xullo e agosto de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de dezasete mil noventa con dez euros (17.090,10 €) a favor de ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L., imputándose á aplicación orzamentaria 2021 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos de contrato vencido, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00049378D.

Aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Santiago de Compostela do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a Oferta de Emprego Público 2021 do Concello de Santiago de Compostela, co seguinte contido:

A) Quenda Libre. PERSOAL FUNCIONARIO: 23 prazas.

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
1	Técnico/a de Xestión	Admón. Xeral	Xestión		A2
5	Administrativo/a	Admón. Xeral	Administrativa		C1
1	Auxiliar administrativo/a	Admón. Xeral	Auxiliar		C2
1	Arquiveiro/a	Admón. Especial	Técnica	Técnicos superiores	A1
1	Xornalista	Admón. Especial	Técnica	Técnicos superiores	A1
1	Técnico/a medio/a informática	Admón. Especial	Técnica	Técnicos medios	A2
1	Bombeiro/a-condutora	Admón. Especial	Servizos especiais	Extinción de Incendios	C2
12	Policía (3 delas mobilidade interadministrativa)	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	C2

B) Promoción interna. PERSOAL FUNCIONARIO. 5 prazas

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
1	Inspector/a	Admón Especial	Servizos especiais	Policía Local	A2
3	Oficial (1 delas por mobilidade interadministrativa)	Admón. Especial	Servizos especiais	Policía Local	C1
1	Cabo	Admón Especial	Servizos Especiais	Extinción de incendios	C2

Reserva para persoas con discapacidade. Ao abeiro do disposto no artigo 59.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto básico do empregado público, e segundo o disposto no artigo 48.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregopúblico de Galicia, e tendo en conta que o número total de prazas ofertadas para a quenda libre é de 23, polo que se deben reservar **dúas destas prazas para persoas con discapacidade**, propónse a reserva das seguintes:

- 1 praza de administrativo/a de Administración xeral
- 1 praza de auxiliar administrativo/a de Administración xeral

Segundo.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

20. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0055.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro. Ano 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional; por un importe de 6.208 euros.

21. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0056.

Dación de conta da sinatura do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela-Programa Universitario de Maiores, IV ciclo.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela - Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, por un importe de 1.000 euros.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00049337Z.

Dación de conta á Xunta de Goberno local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 140/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.2.

Obxecto: Resolución de 4.02.2021, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 4.000 euros, como consecuencia dunha caída na vía pública.

A sentenza é PARCIALMENTE FAVORABLE aos intereses do Concello, ao non admitir os 4.000 euros reclamados en concepto de indemnización. A defensa do Concello solicitou, subsidiariamente, unha indemnización mínima de 210 euros, se ben a sentenza recoñece unha indemnización ponderada de 2.500 euros máis intereses dende a falta da reclamación administrativa, desestimándose, asemade, a petición dos intereses do artigo 21 da LCS.

Ao tratarse dunha estimación parcial, non se condena nas custas procesuais ao Concello.

A sentenza é firme, polo que non procede interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao órgano de Secretaría da Administración Municipal (Vicesecretaría) para os efectos da súa execución.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00048867G.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PO 338/2021 CA1.

Demandante: SEPES

Obxecto: Recurso consistente no incumprimento de obrigas contraídas no convenio do 16.10.1995

Contía: 33.221, 31 euros

A sentenza condena ao concello a aboar ao SEPES a cantidade de 33.221,31 euros xunto cos intereses legais dende o requirimento de pagamento do 27.02.2020.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Departamento de Tesourería -sección xestión tributaria- para os efectos da súa execución.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00048718Q.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no proceemento PO 140/2021 CA1.

Demandante: AUTOBUSES URBANOS DE LUGO SA, TRAP SA UTE

Obxecto: Acordo XGL 30.12.2019 que desestima recurso de reposición interposto contra acordo anterior do 28.06.2019 que aproba liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ao ano 2018.

Contía: 92.448,67 euros

A sentenza, que é firme por non impugnada de contrario, é favorable aos intereses do concello, recorrible en apelación. A demandante impugnou a aplicación da cláusula 32 sobre compromiso de viaxeiros do contrato, ao entender que logo de transcorrido o prazo de 10 anos do contrato, a citada cláusula non resulta de aplicación, por mor da “*orde de continuidade*”, en virtude da que segue a prestar o servizo en ta to non sexa adxudicado o novo contrato. Dita orde de continuidade acordada pola XGL o 15.02.2017 non se recorreu pola reclamante. O Xulgado entende que a continuidade do servizo debe realizarse aplicando o compromiso de viaxeiros, no estando xustificada a pretensión da parte actora de que o compromiso de viaxeiros para ese ano no existe.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado da mesma á Dirección de área de servizos comunitarios e ao departamento de contratación para o seu coñecemento.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00048670Z.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no recurso de apelación 91/2020 do PO 230/2019 CA2.

Obxecto: Devolución factura 6/2019

Contía: 41.488,3 29 euros

A sentenza do TSXG conforma integramente a sentenza nº 291/2019 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 desta cidade ao entender, en contra da postura mantida polo concello, que si existiu unha relación continuada de servizos ou un traballo global, de xeito que non pode iniciarse o cómputo do período prescricional se nondonde que finalizaron os traballos na súa totalidade. En definitiva, considera o asunto como único, sen ter en conta que existiron diferentes fases procesuais e distintos encargos. A sentenza é recorrible en casación perante a sala terceira do Tribunal Supremo ou perante a sala correspondente do TSXG.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de Casación.
3. Remitir ao Departamento de Asesoría Xurídica para os efectos da súa execución

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00049178Q.

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PA 242/2019 CA1.

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo.

Contía: 1.157 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

En relación coa valoración do dano sostén que a indemnización non pode ser superior ao coste da reparación acreditado, polo que a cantidade a indemnizar é fixada en 962 euros (740 máis 30% de afección), ademais dos xuros.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00049177S.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 32/2020 ditada polo Xulgado do Social núm. 2.

Obxecto: diferenzas retributivas C1-20 / A2 - 22.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

A sentenza é copia das ditadas polas reclamacións de exercicios anteriores. Lémbrese que este empregado, cada ano reclaman no xulgado diferenzas retributivas, alegando –que non acreditando- realizar funcións do subgrupo A2 e nivel 22. Curiosamente, xamais ten eclamado a reclasificación da praza, o que lles obrigaría a pasar por un proceso de promoción interna.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00049529E.

Dar conta das Resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.

Dase conta das Resolucións da Alcaldía e das Concellerías delegadas de datas 29 de outubro a 5 de novembro de 2021.

URXENCIAS

29. XIV Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados. Aprobación das obrigas derivadas do veredicto do xurado.

Acórdase:

1. Aprobar o recoñecemento das obrigas derivadas do veredicto do xurado do XIV Premio Internacional “Compostela” de Álbums Ilustrados, por importe de **9.000 euros** (dos cales o concello de Santiago de Compostela aporta 8.000 euros e a Editorial Kalandraka os 1.000 euros restantes).
2. O gasto satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria municipal nº 080 32600 4890100.
3. O premio está suxeito á retención do IRPF do 19%, segundo o disposto na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto da Renda das Persoas Físicas.
4. A persoa premiada no XIV Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados é **Marina Gibert Oliva**

30. Ref. S/2021/213. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias das fotocopiadoras existentes nas diferentes dependencias municipais correspondentes a varios períodos dos meses de xuño, xullo e agosto do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (3.438,62 €), segundo relación contable de facturas S/2021/211 que se achegan no expediente, e que comeza pola número F/2021/3775 por importe de 24,55 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU), e remata pola número F/2021/4347 por importe de 42,85 euros emitida por RICOH ESPAÑA, SLU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

31. Ref. S/2021/164. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xuño, xullo e agosto do ano 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON CORENA E UN CÉNTIMOS (1.993,41 €) segundo relación contable de facturas S/2021/164 que se achega co expediente, e que comeza pola factura número F/2021/3237 por importe de 21,78 euros emitida pola empresa SCHINDLER, S.A. e remata pola número F/2021/4157 por importe de 48,40 euros emitida por SCHINDLER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

32. S/2021/232. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresa en concepto de mantemento e de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xullo e agosto do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCIENTOS VINTE E OITO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.328,46 €) segundo relación contable de facturas S/2021/213 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/3638 por importe de 333,14 euros emitida pola empresa ASCENSORES ENOR, S.L. e remata pola número F/2021/4198 por importe de 254,16 euros emitida por ASCENSORES ENOR, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

33. S/2021/211. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias das fotocopiadoras existentes nas diferentes dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de marzo e setembro do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (2.760,47 €), segundo relación contable de facturas S/2021/232 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/1979 por importe de 258,50 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU), e remata pola número F/2021/4804 por importe de 425,87 euros emitida por XESTIÓN DIXITAL COMPOSTELA, SLU (XEDICOM).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.